


LETRAS GALEGAS 2009

IES AS MARIÑAS. BETANZOS

BIOGRAFÍA

RAMÓN PIÑEIRO

Ramón Piñeiro López naceu en Armea, concello de Láncara, Lugo, o 31 de maio de 1915. Foi un dos oito fillos de Vicenta e Salvador, campesiños de escasos recursos. Se foi seu pai quen lle aprendeu a ler, a escrita foi cousa do neno, que practicaba cun garabullo sobre a terra ou sobre a cinza da lareira ata ser quen de amosarlle ao pai a súa arte. Cando, aos seis anos, comezou a escola xa lía, escribía e sabía algo das catro regras. Alumno destacado. Con nove anos marchou para Lugo a estudar o bacharelato elemental e alí mergullouse na literatura. Grande impacto causou nel a lectura dunha antoloxía de poesía galega pois comprobou que a súa lingua, rexeitada na escola polo mestre, era tan apta para a poesía, como o castelán. Como a familia non tiña recursos para “estudalo”, aos 13 anos voltou a Armea. Afeccionouse á prensa e os domingos, líalles aos



paisanos as noticias semanais. Aos quince anos está en Sarria de contable do comercio dun amigo do pai. A lectura do xornal *El Pueblo Gallego* vai despertando nel interese polo movemento político e cultural de Galiza. En 1931 asiste a un mitin e prodúcelle viva impresión escoitar o discurso de Lois Peña Novo. Con dezasete anos volta a Lugo para cursar o bacharelato superior. Relaciónase cos círculos galeguistas e participa na fundación da Mocidade Galeguista. Neses anos coñece e relaciónase coas figuras máis destacadas do nacionalismo: Otero, Castelao, Bóveda... O 25 de xullo do 34 participa no mitin compostelán da Quintana. A Guerra Civil, e denuncias contra el levárono a esconderse. Rematada a

guerra vai a Compostela cursar a carreira de Filosofía e Letras. A partir de 1943 iníciase a reconstrución clandestina do galeguismo. Ramón encárgase do difícil labor de contactar cos galeguistas para saber con cales se podía contar, e contactar tamén cos exiliados e cos nacionalistas cataláns e vascos. Viaxa a París clandestinamente no 46. Detéñeno. Ao regreso pasará tres anos en prisión. Logo vén o tempo de Galaxia, as conversas arredor da mesa braseiro da súa sala, a transición...



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

No ano 1967 ingresa na Real Academia Galega co discurso *A lingoaxe i as línguas*. Sae eleito deputado independente do Parlamento de Galiza polo PSdeG-PSOE e desde 1983 ata a súa morte (Compostela, 1990), será o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega.

“diante de todo un nome que, ó meu xuízo, é clave de toda a cultura galega do momento: Ramón Piñeiro. Véxome obrigado, por amor á verdade, a ofender a sincera modestia de Piñeiro declarando que o panorama actual da nosa cultura é inconcebíbel sen el.” Celestino F. de la Vega

AO REDOR DUNHA MESA CAMILLA

O 11 de xullo de 2008 Manuel Rivas escribiu en *El País* “A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrick”, reflexión sobre a figura de Piñeiro centrada no obxecto físico máis asociado a el: a súa *mesa camilla*. Velaquí unha selección dese artigo.

“O que eu botei de menos no comunicado laudatorio en que se informaba da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro foi unha referencia á mesa. Á célebre mesa. A esa mesiña de braseiro, circular, coñecida *urbi et orbe* como a mesa camilla de don Ramón.

O valor da mesa de Piñeiro non vén derivado da orixinalidade como obxecto artístico ou de deseño. É unha mesa sentipensante con braseiro épico. O moble da saudade (...)

Falar de Ramón Piñeiro sen a súa mesa é como falar do rei Artur sen a Táboa Redonda ou de Michel Eyquem sen o seu castelo de Montaigne. Merece unha mención, unha lembranza, unha instalación. (...) Mais quen sentaba sabía que co agasallo estaba a ser sometido a unha proba de navegación. A unha viaxe iniciática.

Xuro que a primeira vez que sentei en Xelmírez 15, aló na primeira mocidade, sentín o arrinque das turbinas e o despegue da mesa. Non dixen nada. Chovía en Santiago. O caso era dar unha volta, aínda que fora pola

as pancas da mesa e premer os mandos da cabina espacial da nave Xelmírez 15 propulsada pola mesa helicoidal de braseiro.

(...) Volvín unhas cantas veces. Sempre que me apetecía dar unha volta polo espazo e o tempo. Había amigos que se

estrañaban. “E ti que carallo vas falar con Piñeiro?” Eu non podía dicirlles a verdade. El nunca me adoutrinou. Eu ía onda Piñeiro para dar unha volta na mesa camilla!

Aquela mesa de suposto braseiro era, en realidade, unha supercomputadora na Compostela do “ventre do silencio”. Por unha banda era o lugar do oráculo. E por outra, unha extraordinaria base de datos, con información

esencial. Esa dobre característica fixome ver a mesa de Piñeiro como unha variante galega e camuflada de HAL 9000, a computadora de *Odisea no espazo*, de Arthur C. Clarke, que levaría Stanley Kubrick ao cinema. De feito, Piñeiro tiña unha voz cuspidiña á de Douglas Rain, o actor que facía de HAL. Ou era ao revés?”



No gabinete de Ramón Piñeiro, con Nicolò Messina, Antón Santamarina, Lucciana Stegagno Picchio, Rosario Álvarez, Carlos Casares e Henrique Monteagudo, en 1983.

eternidade. Deixei-me ir porque don Ramón era un piloto que transmitía confianza. Tiña uns ollos de aviador, de ave noitébrega. Absolutamente hipnóticos. E o continuo acenar dos brazos, das mans diante da túa ollada! Había quen dicía que era linguaxe xestual, mais eu coído que o que facía Piñeiro era mover

*forte e cordial aperta de
Ramón Piñeiro*

CITAS Carta a X. L. Franco Grande, 7 xullo 1956

“Onte estiven xantando con Cortezón. Trátase dun rapaz moi simpático e intelixente; cunha rexa personalidade humana. Tamén é moi traballador. Haberá que o facer ir a Santiago algún día para que entre en relación cos demais rapaces.”

“O día 1º estiven en Mondoñedo co Cunqueiro, que está gordo e optimista. Dixome que tiña pensado escribir tres pezas de teatro galego. Agora están na imprenta as súas Crónicas do



“En Lugo estiven con Fole e mais con Carballo Calero. Fole traballa nun ensaio sobre o humorismo; Carballo, nunha “Historia Crítica da Literatura Galega” que comenzo a facer con moito rigor sistemático. Como ves, todo o mundo está animado e traballando.”

“O día 15, de camiño para Compostela, pararemos en Monforte para escoitáremos alí un recital de Novoneyra”.

Cómpre destacar o papel decisivo que supuxo a fundación da editorial Galaxia (xullo, 1950). Nacía co propósito de defender e difundir a lingua e poñer a nosa cultura en relación coa cultura universal. Presidida por Otero, Fernández del Riego como secretario e Ramón Piñeiro como director literario. Foi o punto de encontro de varias xeracións de pensadores e creadores.

A pesar de que con anterioridade á guerra os membros de Galaxia sosteñen unha destacada actividade republicana e galeguista, na posguerra optan progresivamente por unha liña de apoliticismo e culturalismo, centrándose en planificar a restauración da conciencia galega a través da acción cultural. Galaxia intenta evitar a confrontación directa co réxime, procura unha liña de intervención non belixerante, dirixida a unha elite preocupada polos temas da alta cultura, a filosofía, a arte, a teoría económica, etc. Foméntase, xa que logo, unha corrente caracterizada por unha forte dose de evasiónismo, popularismo e ao mesmo tempo intelectualismo.

O PIÑEIRISMO

Ramón Piñeiro, máis que polas súas obras ensaísticas, en especial a devandita *Filosofía da saudade*, é coñecido polo piñeirismo. (..)

E que cousa o piñeirismo? Ese home que viaxaba no espazo-tempo, que fixo da mesa de braseiro unha súper computadora, era tamén un paradigma de realismo. En don Ramón habitaban o día, a noite

Reivindica a nosa lingua como canle de pensamento, crítica e debate en terreos como a política, a socioloxía ou a filosofía, fronte á visión do franquismo que só a toleraba como expresión pintoresca ou folclórica. O seu fin principal: restablecer a continuidade cultural tronzada pola Guerra Civil. Asemade serviu de estímulo a escritores como Cunqueiro, Fole, ou Otero, que se afastaran da escrita na nosa lingua por non ter posibilidades de publicación; recuperou a obra de exiliados (Castelao ou Blanco-Amor) ou arredados do galeguismo como Risco; animou novos escritores a escribir en galego (Casares, Ferrín, Xohana Torres); puxo en marcha publicacións periódicas (1958 a *Revista de Economía de Galicia*, 1963 *Grial. Revista galega de cultura*); asumiu iniciativas como a edición do dicionario Eladio e favoreceu a tradución de obras de pensamento doutras latitudes (Heidegger).

Olladas no futuro. Galaxia (1974)

A lingoaxe e as línguas. Galaxia (1992)

Filosofía da saudade. Galaxia (1984)

Filosofía da saudade. La Voz de Galicia (2001)

Inauguración da galería Sargadelos en Madrid. Edicións do Castro (1975)

Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia. Galaxia (2005)

Vida e obra de Ramón Piñeiro. Beatriz García Turnes. Galaxia (2009)

Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-82). X. R. Rodríguez Polo. Xerais (2009)

e mais a aurora. coñeceu a aurora na adolescencia, a esperanza galeguista e republicana. Despois caeu a noite, a clandestinidade nos anos máis crueis da ditadura. Foi, pois, un resistente, que acabou na cadea cando era sinónimo de morte. Ao saír do cárcere, tal vez viviu o máis dramático dilema: proseguir a resistencia política directa ou

intentar resistir por medio do que el chamou a **tarifa cultural**. O nome escollido: Galaxia (outra vez o cósmico!), e o proxecto foi realizado co esforzo dun dos mellores equipos que tivo Galicia.


O piñeirismo era unha ecuación simple: democracia + autonomía + europeísmo. E logo unha técnica, sobre todo unha técnica. O traballo coas elites. A sedución das elites.



RAMÓN PIÑEIRO NA

RAMÓN PIÑEIRO NA LEMBRANZA DE DORES CAO.

Foi nunha década encantada para min, a da transición, do Estatuto, da Lei de Normalización Lingüística, aqueles anos nos que tiven ocasión de tratar un pouco o autor que este ano se homenaxea nas Letras Galegas: Ramón Piñeiro. Permitídemme recrearme un pouco na lembranza: Eu era moza universitaria, estudante de Filoloxía Galego-Portuguesa, unha namorada de Compostela, vivindo un ledor soño na cidade máis viva, acolledora e fascinante. Tiven a fortuna de traballar nada menos que na **libraría Couceiro**, na esquina República do Salvador-General Pardiñas, co libreiro entre os libeiros: Suso Couceiro.



Lémbroo coma se aínda estivese alí e esperta en min **a saudade**: as horas entre libros, o contacto coas grandes personalidades da nosa terra: don Ricardo Carballo Calero, que cada día entraba un anaco e eu era como un satélite escoitándoo, don Ramón Martínez López que viña buscar caixas para ir gardando os seus libros que doara á fundación **Penzol**, Eugénio de Andrade, José Saramago, Sophia de Mello, Isaac Díaz Pardo, Manuel Lourenzo, Francisco Pillado, Xosé Neira Vilas e eu que sei..., son tantos os nomes, os recordos na librería Couceiro...



Biblioteca da Fundación Penzol

éncheme de emoción. Pero ía falar de don Ramón Piñeiro, e el, como a maioría dos intelectuais e personalidades comprometidas con Galiza, non era alleo a Couceiro e con frecuencia entraba acompañado da súa dona, de Isabel. O que máis me chamaba a atención del era o ton suave de voz, a exquisita educación, o trato respectuoso con que se dirixía a calquera de nós, a amabilidade e a cara de boa persoa. Lembro como entraba, o paso tranquilo, o trato de “vostede” con que se dirixía a min, a súa mirada tímida, a voz amiga, mirando entre os estantes con calma e sosego.

Lembro aquela tarde do 28 de xuño de 1984. Consequira de Suso Couceiro a tarde libre para unirme á protesta dos galeguistas, concentrados en Bonaval; a tardanza na chegada dos restos de Castelao. Ti, con todo o teu labor galeguista ás costas, eras deputado do PSOE e os nacionalistas nunca o entendemos. Aquel día formabas parte dos que asistiron aos actos en Santo Domingo, eu dos que te viamos como “traidor”. Pasadas máis de dúas décadas, coa distancia no tempo e a templanza que vai dando a idade, sigo sen entender os motivos polos que te presentaches como independente nas listas do PSOE. A diferenza é que hoxe, se puidese, fariache a pregunta con todo o respecto e humildade. Mais o tempo pasa e non hai volta atrás, só a lembranza permanece e eu lémbrote, don Ramón, porque cos teus acertos e cos teus erros, sempre tiveches a nosa Galiza na túa vida e o teu esforzo foi para ela, e por iso, exprésoche a miña gratitude.

